



As **improbables alianzas** nos contos de Camilo Franco

A idea: negar a existencia das musas, relativizar o mito da inspiración na reivindicación do oficio de escritor ao tempo que cuestionar o papel da literatura como soporte sagrado. Provocador e sempre irónico –cando ironía é filosofía, perspectiva e punto de vista na transgresión– Camilo Franco (Ourense, 1963) salfire en ‘Por conto alleo’ (Galaxia) unha proposta de experimentación sobre alianzas improbables de pares de palabras ás que lles deu vida en cincuenta noites. Verbas que, polo día e sen aleivosía, lle achegaban os internautas que entraron no portal Vieiros: Franco/Vieiros; Millo/burato negro; Touciño/velocidade; Bakunin/conselleiro.. cos que artellou

ata medio cento de contos irreverentes e vitais naquel empeño do autor de construír unha nova narrativa sobre a máxima “menos adxectivos, máis brevidade e máis profundo ca extenso”. Da provocación intelectual e de decidida intención lúdica e participativa, o conxunto de relatos do escritor antiheroe e descrido agochan a sorpresa e, tralas palabras, a necesidade de volver as reformulacións nunha entrega que ten o valor de ser o primeiro libro electrónico de creación publicado en Galicia. E cando a literatura non precisa do papel, cando a palabra sobrevive fronte ás súas connotacións porque aí, Camilo Franco, fixo, dos pares e o léxico, malabares.

rdL | 7

Galicia Hoxe 31/07/03